



RESOLUCIÓN DO 11 DE XUÑO DO 2021, DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DESIGNADA PARA O PROCESO SELECTIVO DE CONTRATACIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO ESPECIALISTA BAIXO A MODALIDADE CONTRACTUAL DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE I+D-I DIRIXIDA A UN/UNHA ESPECIALISTA EN AVALIACIÓNS AGRONÓMICAS ENOLÓXICAS E SANITARIAS DO VIÑEDO DENTRO DO PROXECTO INTERREG-SUDOE (SOE3/P2/E0911): “SERVICIO DE VITICULTURA DE PRECISIÓN PARA PYMES BASADO EN RED DE SENSORES IoT (VINIoT)”, POLA QUE SE PUBLICA A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS.

En sesión que tivo lugar o 11 de xuño do 2021, a Comisión de Selección designada ao efecto para cualificar o proceso selectivo polo sistema de concurso para a contratación de persoal mediante contrato de duración determinada para a Axencia Galega de Calidade Alimentaria, e de conformidade coas bases da convocatoria que rexen o proceso, **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, de conformidade co disposto punto 10 das bases da convocatoria do proceso selectivo

Segundo.- Facer pública a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, que figura no ANEXO I que se achega coa presente Resolución.

Terceiro.- Abrir o período de emendas para os candidatos/as excluídos/as, que disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web e no taboleiro de anuncios da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, para poder emendar perante a Comisión de Selección, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

O prazo remata o **vindeiro xoves 17 de xuño do 2021, inclusive.**

Cuarto.- A estimación ou desestimación das emendas entenderase implícita na publicación da resolución da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as correspondente.

Os candidatos/as presentarán a **documentación de forma dixital** a través da **sede electrónica da Xunta de Galicia** (<https://sede.xunta.gal/portada>) mediante trámite de **solicitud xenérica** a través do **servicio PR004A**- Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico ni cun modelo electrónico normalizado, **dirixese a Consellería de Medio Rural e a unidade Axencia Galega de Calidade Alimentaria**. Indicarase no **obxecto do asunto**: Convocatoria Selectiva para a contratación dun/dunha técnico especialista baixo a modalidade contractual de proxectos de investigación científica e técnica para o desenvolvemento de actuacións de I+D+I dirixida a un especialista en avaliacións agronómicas, enolóxicas e sanitarias do viñedo dentro do proxecto INTERREG-SUDOE (SOE3/P2/E0911): “Servicio de viticultura de precisión para PYMES baseado en red de sensores IoT”.

Os aspirantes deberán **notificar no mesmo día o envío da documentación á Agacal ao seguinte correo electrónico: agacal@xunta.gal, facendo constar no asunto proceso selectivo VinIoT**

Santiago de Compostela, 11 de xuño do 2021.

O presidente da Comisión de Selección

Manuel López Luaces





ANEXO I

APELIDOS	NOME	DNI	Admitido/a ou excluído/a	Motivo da exclusión
Trigo Córdoba	Emiliano	48883612X	Excluído	Documentación sen cotexar
Saborido Díaz	M.del Carmen	44453558D	Admitida	
Díaz Méndez	Carmen	77140119M	Admitida	
Martínez Diz	M.del Pilar	53308029D	Admitida	
Bouzas Cid	Yolanda	44496800B	Admitida	
Rodríguez Moar	Simón	48110468B	Admitido	
De Castro Soutiño	Ruben	78794772S	Admitido	